



O 16 novembro celébrase o **DÍA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO MUNDIAL**, data que coincide coa sinatura da Convención sobre o Patrimonio Mundial Cultural e Natural, feito que tivo lugar en París no ano 1972.

Con tal motivo, a Rede Museística da Deputación de Lugo organiza unha serie de actos ao longo do mes de novembro para poñer en valor o Patrimonio Cultural da provincia de Lugo, Estes actos terán lugar de acordo ao seguinte calendario:

#### **Xoves, día 14 de novembro de 2019.**

Ás 18:00 horas, na Sala Multiusos do Museo Provincial de Lugo, mesa redonda sobre **Patrimonio e sostibilidade**, moderada por Encarna Lago González, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo, que contará coas intervencións de:

- Mónica Díaz e Beatriz Pérez Pereira, da Asociación de Guías de Galicia.
- Pilar Sánchez Monje, de O sorriso de Daniel.
- Silvia Fiallega Lorenzo, da Rede Museística da Deputación de Lugo.
- María Núñez Pertejo, da Axencia Tee-Travel.
- Xosé Figueroa Lorenzana, do Pazo de Sabadelle Ecoagroturismo.

#### **Xoves, día 28 de novembro de 2019**

Ás 18:00 horas, no Museo Pazo de Tor, relatorio de Fernando Arribas Arias sobre **Un exemplo de patrimonio esquecido e pouco valorado: cruceiros, cruces e petos de Monforte de Lemos.**